

Malleiras de última xeración



FERNANDO GONZÁLEZ "GONZO"

Estaba a punto de comenzar a escribir estas liñas sobor dun tema que deberá quedar para mellor ocasión. O por qué do cambio de tema é que teño a tele do salón acesa e de súpeto dime a moza que olle: o do video do rapaz de Boiro.

Emite o video unha canle xeralista de alcance nacional. É o mesmo programa no que hai un par de semanas vin a agresión racista nun tren de Cataluña. Coincide que no xornal do día que veño de ler hai un intre, dise que o testigo inmóbil da brutalidade asegura que lle pagan tres mil euros por ir contalo ós platos de televisión. Non quero nin imaxinar cánto lle ofrecerán ao "cachola baleira" que deu en zoupar na rapaza

Agora mesmo escoito como por teléfono fala o pai do cativo agredido en Boiro, ao mesmo tempo escoita e fala o pai do agresor e , como non, hai ló. O pai do agresor xustifica que o neno defendía ao seu irmán pequeno que recibira unha malleira do cativo agredido tempo atrás. Aínda así asegura que o teñen castigado sen consola. "Non pretendo xustificar o que fixo o meu fillo, pero ese señor tamén fixo..." O aludido négao todo e di que se quedou coas ganas de ir a casa do agresor a matar ós dous; pai e fillo. A presentadora corta a liorta telefónica e di que o programa só intenta explicar por qué os nenos tan novos son tan violentos; os pais din que nunca os seus fillos se comportaran de tal xeito , e coa voz tomada pola emoción (ou a vergoña) un deles espeta esa gran frase de pai: "o meu fillo non é así".

Agardo que non se me malentenda de aquí en diante pero voume mollar. Historias coma estas escoitáronas de seguro cen mil veces. Eu de pequeno recibín algunha que outra cachetada do valente da clase ou do barrio (non comparable coa de Boiro). Na miña escola sendo ben pícaros celebrabamos con "malladas" os cumpleaños dos compañeiros (benditos meus pais que me xestaron en outono e así nacín en vacacións). Outra das boas que lembro era o "yuyu": so válido con homes..., non o vou explicar. As nenas tamén as gastaban duras. Éramos nenos e nenas os que les explotaba un algo dentro e que algúns chamaban "a idade do pavo" outros adolescencia e outros pubertade pero era, e supoño que seguirá sendo, precisamente iso: un estoupido interno.

Entre nenos e nenas tamén había golpes, pero eran golpes para ligar. Burriños de nos, despois de 14 anos sen ver unha muller na clase non tiñamos nin idea de como facerlle notar ás rapazas que queríamos algo máis que ser amigos. Así que acudíamos as mesmas técnicas que usábamos cos colegas, e dicir, amosar a nosa virilidade coa forza: cóxegas sen control, empuxóns, arrebolarse por riba delas,... Un descontrol, ao igual que o que acontecía coas nosas hormonas no noso interior. Os homes non deixamos de ser animais e moito máis a certas idades cando non se domiña todavía a razón, nin se ten fe, pois entón, ¿que queda?: unha malleira.

A meirande diferenza que polo tanto vexo entre os adolescents da miña época e os de agora, é que éstos teñen teléfonos con cámaras. No video en cuestión pódese oír como o neno que graba solta unha frase máis propia dun director de programa de televisión: "este video vale o seu peso en ouro" Non levo a conta pero de seguro que nos dous últimos anos máis de dez casos como os de Boiro formaron parte do contido de programas como o que estou a escoitar de fondo e que por certo xusto cando o pai do agresor comezou a chorar pasou a publicidade.

Agora voltan de facer caixa cos anuncios e lle preguntan ao proxenitor se o neno vai ser internado nun centro de menores. Resposta afirmativa. O neno por primeira vez na súa vida pasará unha noite lonxe dos pais. E asáltame unha dúbida: ¿durme ese rapaz nun centro de menores por dar unha malleira ou por ser grabada e, sobretodo, emitida?

Nada máis lonxe da miña intención que xustificar a violencia incluso na "idade do pavo". Do mesmo xeito que non podo xustificar o uso mediático feito por adultos da violencia adolescente porque coido que non soluciona ren, pola contra penso que provocan máis violencia e que despertarán os desexos de protagonismo e cartos doutros brutos incontrolados como o de Boiro.

fergonzo@hotmail.com